

# Reflexións sobre o Consello Xeral do Poder Xudicial. Contribución ao debate sobre o sistema de designación dos seus compoñentes

42 Regap

MODESTO BARCIA LAGO  
Dr. en Dereito

Regap

ESTUDIOS E NOTAS

Os avatares que culminaron na constitución do novo Consello Xeral do Poder Xudicial en setembro de 2008, despois de que o anterior se mantivese anormalmente “en funcións” durante dous anos, pola incapacidade, outra vez acreditada, de alcanzarse o consenso constitucional necesario para a renovación en medio dunha bronca situación política, puxeron abruptamente de relevo as graves deficiencias do réxime que o regula. Sen prexulgar o labor dos actuais Conselleiros, parece oportuno facer unha contribución ao debate sobre a cuestión do rumbo de politización distorsionada que se vén advertindo en tan importante Órgano. A iso queren servir as reflexións que seguen.

## I

Conforme dispón o art. 1-1 da Constitución, España constitúese nun Estado social e democrático de Dereito que propugna a xustiza como un dos valores superiores do seu ordenamento xurídico. A este respecto, o art. 117-3 CE establece que a potestade xurisdiccional se exerce en todo tipo de procesos desta clase exclusivamente por Xuíces e Maxistrados, integrantes do Poder Xudicial —que, como os demais do Estado, emana do pobo español, titular da soberanía nacional (art. 1-2 CE)—, funcionalmente independentes, inamovibles, responsables e sometidos tan só ao imperio da Lei, xulgando e facendo executar o xulgado (art. 117-1 CE), sen prexuízo das demais funcións complementarias que aquela poida encomendarlles (art. 117-4 CE).

Para posibilitar a realización dos cometidos da potestade xurisdiccional, dispónse o complexo enredo oficinesco da Administración de Xustiza, integrada polos titulares dese Poder,



así como polos demais funcionarios xerarquizados da mesma que fan posible o seu funcionamento, coa cooperación en paridade administrativa do aparato do Ministerio Fiscal e a externa dos profesionais liberais, empregando os recursos de toda índole e medios persoais e materiais axeitados, que o Goberno da Nación, dentro dos marcos da política interior, que constitucionalmente (art. 97) lle corresponde dirixir, ten que garantir, ben que a súa concreción efectiva teña que ter en conta a estrutura autonómica do Estado e o cadro descentralizado de competencias transferidas ás Comunidades Autónomas; o que non deixa de ser, desde logo, unha variable acreditadamente disfuncional e cuestionable desde o punto de vista estritamente constitucional.

Se o Goberno, fundamentalmente a través do Ministerio de Xustiza, e as Comunidades Autónomas, teñen indubidable e determinante incidencia nas capacidades efectivas, en canto á dotación de medios materiais e persoais da Administración de Xustiza, o *Consello Xeral do Poder Xudicial* é o Órgano colexiado desa Administración, autónomo e de relevancia constitucional, ao que compete o goberno da súa armazón burocrática, a xestión das capacidades de que está dotada, ao servizo da acción xurisdiccional e da preservación efectiva da independencia xudicial que lle dá sentido; de modo que o funcionamento dos Xulgados e Tribunais, así como o estatuto xurídico dos Xuíces e Maxistrados, a súa formación, nomeamento, promoción, os seus dereitos e deberes, así como a súa corrección disciplinaria, constitúen o núcleo principal do cometido rector do Consello, xunto con outras competencias colaterais e complementarias (art. 122 CE); pero, en todo caso, debe subliñarse que esa xestión terá que exercerse sen interferir, senón ao contrario, dirixida a reforzar, a independencia dos propios xuíces, sometidos a este respecto, como se dixo, tan só á Lei e sendo corrixibles os seus actos xurisdiccionais unicamente por vía dos recursos procesais pertinentes ante os Tribunais superiores.

Compréndese, pois, que a instrumentación partidista do devandito Órgano resulta especialmente atractiva para as forzas políticas e, consecuentemente, que estas se atopan máis dispostas a consolidar a súa influencia directa no mesmo que a potenciar o seu carácter institucional; de ahí a conflictividade que se manifesta na renovación dos seus titulares compoñentes en cada período e o comportamento sectario que traduce o funcionamento do Órgano.

## II

Hai algúns anos, nunha obriña sinxela, na que examinaba o rumbo de fondo corporativista das tendencias ideolóxicas que se axitaban na xudicatura, medidas na nobreza do voceado compromiso da defensa dos dereitos cívicos fronte á intromisión autoritaria<sup>1</sup>, dera conta da miña impresión acerca de que o ambiente embriagador de inxenuidade política con que se acolleu o tempo gozoso e esperanzado da transición desde o Réxime de Despotismo franquista á Democracia, velou naqueles momentos de euforia o entendemento cabal da exacerbación xudicialista, que, presentando ao Poder Xudicial<sup>2</sup> como garante último dos valores do Estado de Dereito, entrañaba politicamente apetencias corporativas de exorbitancia sobre o sistema.

1 BARCIA LAGO, Modesto: *O Sol e as Erinias. Filosofía política do xudicialismo*. Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, 1997.

2 A inexactitude terminolóxica e conceptual de Montesquieu e a súa teoría da división de poderes, malentendendo as teses de Locke, está na orixe do erro de considerar a función xurisdiccional como un poder en paridade política cos outros dous definidos polo francés, en vez de poñer o acento na consideración dos xuíces como un corpo profesional monopolizador da función técnica de subsumir o feito conflictivo na lei, segundo as regras de procedemento aplicables. Sobre este asunto, véxase a miña obra citada *O Sol e as Erinias. Filosofía política do xudicialismo*.

Para tales pulsións corporativistas tampouco faltaban, certamente, antecedentes de apetencias de autogoberno corporativo, mesmo na época do Réxime do Despotismo autoritario, expresadas, mesmo, polo propio Presidente do Tribunal Supremo e logo Ministro de Xustiza, Ruiz-Jarabo<sup>3</sup>; pero, na hora do cambio democrático, esas apetencias do que ASENSI SABATER denominaba “envío xudicialista” rastrexable no constitucionalismo de posguerra<sup>4</sup>, enlazaban, anoadas con lazada “progresista”, coas posibilidades latentes na teorización do renacemento do iusnaturalismo como reacción ao positivismo xurídico legalista, que, principalmente por obra da adscrición hitleriana dun xurista tan destacado como o foi Karl Schmitt, era acusado de identificar Lei con Dereito como coartada da barbarie nacionalsocialista, segundo explicaba Chaim Perelman<sup>5</sup>. Non podemos estendernos aquí na exposición da complexa doutrina schmittiana, que se resiste a entrar nos moldes estreitos dunha etiqueta, pero debe destacarse que o xurista alemán opuxera o seu esquema do *konkretes Ordnungsdenken*, o “pensamento da orde concreta”, á concepción do iuspositivismo liberal, visto por el como “combinación de decisionismo e normativismo”, aínda que o *konkretes Ordnungsdenken* schmittiano se presentaba como unha orde “cuasi” religiosa e, a fin de contas, viña resolverse na apoteose do *Führer*, que resumía na súa figura as “tres ordes, Estado, Movemento e Pobo”<sup>6</sup>, trinomio, por outra parte, familiar na España do Caudillo, con resonancias do inflamado verso do poeta renacentista Hernando de Acuña, que vía o anuncio “dun monarca, un imperio e unha espada”.

O punto de inflexión deste renacemento iusnaturalista, de raigame neoaristotélica, como precisaba Perelman, foi o coñecido discurso pronunciado en maio de 1959 por Otto Bachof, ao facerse cargo da dignidade reitoral da Universidade de Tubinga, que proclamaba a “enéxica pretensión de validez das normas materiais da nosa Constitución”, que nacería “dunha orde de valores que vincula directamente aos tres poderes estatais, tal como se manifesta expresamente na regulación dos dereitos fundamentais” e cuxa orde “foi considerada pola Constitución como anterior a ela mesma... que non foi creada pola Constitución, senón que esta se limita a recoñecela e garantila, cuxo último fundamento de validez se atopa nos valores determinantes da cultura occidental, nunha idea do home que descansa neses valores”<sup>7</sup>; deste xeito diminuíu o significado da suxeición do xuíz á lei, concepto decisivo do constitucionalismo liberal, que Dieter Simon denominaría “o petrificado mito da vinculación á lei”<sup>8</sup>, liberando ao instrumento da “independencia xudicial” de tan molesta atadura. De maneira que a autoridade do xuíz como funcionario do Estado xa non dependería do ordenamento xurídico concreto, senón da súa condición de axente autónomo daqueles valores que resoaban na historia do espírito de Occidente dos que o iudex se autoproclamaba supremo intérprete; unha ideoloxía que alcanzaría o seu cume na afirmación dunha competencia de “xustiza universal”, cuxa disfunción cos parámetros da soberanía non fai falta subliñar, pero que, mediaticamente, rende froitos notables.

3 XIOL RIOS/GONZÁLEZ RIVAS/RODRÍGUEZ-ZAPATA PÉREZ: *El Poder Judicial y su Consejo General en el Estado Social y Democrático de Derecho*. Consejo General del Poder Judicial, 1986.

4 ASENSI SABATER, José: *La explosión judicialista y la orientación democrática de la política*. Artigo incluído en TEZANOS, José-Félix (ed.): “La democracia post-liberal”. Editorial Sistema, Madrid, 1996.

5 PERELMAN, Chaim: *La Lógica Jurídica y la nueva retórica*. Editorial Civitas, S.A. 1979.

6 SCHMITT, Carl: *Sobre los tres modos de pensar la ciencia jurídica*. Editorial Tecnos, S.A. Madrid, 1966; pág. 77. De maneira sintomática, debe destacarse que a traxectoria intelectual de Schmitt se confronta repetidamente coa de Kelsen en fecunda polémica. Cfr. Especialmente *La polémica/Schmitt/Kelsen sobre la justicia constitucional: El defensor de la constitución versus ¿Quién debe ser el defensor de la Constitución?* Editorial Tecnos (grupo Anaya, S.A.) Madrid, 2009, co clarificador “estudo preliminar” de Giorgio LOMBARDI.

7 BACHOF, Otto: *Jueces y Constitución*. Editorial Civitas, S.A. 1985.

8 SIMON, Dieter: *La independencia del Juez*. Editorial Ariel, S.A. Barcelona, 1985.



Estas teses foron asumidas con profético entusiasmo nas disquisicións, xa desbordada a contención coa que se formulara aquel discurso reitoral, de Luigi Ferrajoli<sup>9</sup> e animadas en España por Perfecto Andrés Ibáñez e outros secuaces ideolóxicos, especialmente ao fío da proposta pseudorrevolucionaria das correntes de esquerda sobre o “uso alternativo do dereito”<sup>10</sup>, que proclamaba en España o activismo do movemento de “Xustiza Democrática” nos tempos finais do franquismo, e despois a Asociación *Xuíces para a Democracia*, para forzar un espazo propio de “autonomía” política, de cultura corporativa, do estamento xudicial, desbordando, mesmo, o antecedente alemán do *Freirechtsbewegung*, o “Movemento do Dereito libre”, cuxo programa de acción establecera Kantorowicz no seu ensaio de 1906 *Der Kampf um die Rechtswissenschaft*, pois, en efecto, como recoñecía Elías Díaz:

*No noso tempo o xuíz está propugnando con firmeza a necesidade de saír definitivamente do seu xurídico illamento, comprendendo os riscos e tamén, sobre todo, as posibilidades do seu traballo na sociedade actual, vendo ao Dereito nesa dimensión de totalidade, en interconexión e interdependencia cos demais factores sociais, políticos, culturais e económicos”<sup>11</sup>.*

Onde conducía ese tránsito resumiuno con lucidez un eminente xurista nun parágrafo, que, aínda que totalmente alleo e distante, lembra, polo seu carácter directo, a crítica que Trotski dirixira á concepción leninista do Partido expresada no opúsculo *¿Qué hacer?* do dirixente bolxevique:

*Do xuíz aplicador da lei e obediente só á súa letra pásase ao xuíz intérprete. Do xuíz apolítico ao xuíz consciente do seu papel como poder do Estado, xa que en cada un deles reside o poder xudicial, a potestade de vulgar e facer executar o xulgado. Do xuíz illado e calado, ao xuíz asociado e proclive a falar cando se lle pon un micrófono diante. Do xuíz discreto ao xuíz afectado de incontinencia verbal. Do xuíz prudente ao xuíz activista e deste ao protagonista político”<sup>12</sup>.*

E así, cobraría pleno sentido a *boutade* do Vicepresidente do Goberno Don Alfonso Guerra, proclamando xactanciosamente a “morte de Montesquieu”: a xudicatura xa non sería o poder autónomo vinculado ao servizo da Lei e do Dereito, senón instrumento dos obxectivos partidistas a cambio do medo persoal e satisfacción da vaidade mediática das súas vangardias corporativas. O feito de que o Ministerio de Xustiza, pero non soamente aquí, nos seus máis altos niveis, fose terreo que parece reservado para carreiras políticas de ida e volta de membros xudiciais *lato sensu*, como se a Democracia española se sustentase en gobernos de coalición de Partidos dun ou doutro signo co estamento xudicial-fiscal, é mostra elocuente da degradación do noso sistema de Xustiza, que xa mostrou repetidamente a súa disfuncionalidade democrática, porque non se ten en conta a tese fundamental de Alejandro Nieto, segundo cuxo teor “a estrutura do Dereito é reticular: unha rede, en suma, integrada por diferentes nós (a lei, a xurisprudencia, a doutrina e a práctica), todos eles interdependentes e interactuantes”, de maneira que, en fin, “o Dereito é obra de todos e non só da lei estatal (ou dos pronunciamentos xudiciais)”<sup>13</sup>

9 FERRAJOLI, Luigi: *Derecho y Razón: Teoría del garantismo penal*. Editorial Trotta, S.A. 1995.

10 BARCELONA, Pietro/COTURRI, Giuseppe: *El Estado y los Juristas*. Editorial Fontanella, S.A. 1976.

11 DIAZ, Elías: *Legalidad-Legitimidad en el Socialismo Democrático*. Editorial Civitas, S.A. Madrid, 1978.

12 TOMÁS Y VALIENTE, Francisco: *El juez político*. Artigo incluído no libro “A orillas del Estado”; editorial Santillana, S.A. Taurus. Madrid, 1996; páx. 142.

13 NIETO GARCÍA, Alejandro: *Crítica de la razón Jurídica*. Editorial Trotta, S.A. Madrid, 2007; páx. 236 e 237.

### III

Neste contexto de efervescencia, a Constitución —e as Leis de desenvolvemento neste apartado— amósase debedora das teses que, inspiradas basicamente nos modelos italiano e en certa medida do francés —como tamén tería que reflectirse nas Constitucións democráticas grega e portuguesa<sup>14</sup>—, o concibían fundamentalmente como un *Consello Superior da Maxistratura*; se ben no caso español filtrado, moi lixeiramente, polo minoritario número dos membros susceptibles de extracción non xudicial, pois os desta procedencia copan *ex constitutione* a maioría das Vocalías, doce, fronte as oito daqueles; pero, mesmo, frecuentemente, esa cota non xudicial de Conselleiros nítrese, así mesmo, de xuristas procedentes ou orixinarios do propio corpo xudicial e do de fiscais ou outros funcionarios xurídicos, defraudando o verdadeiro sentido da Norma Fundamental.

Precisamente para que o Consello, en canto Colexio de xuristas e órgano de relevancia constitucional encargado da reitoría do complexo da Administración de Xustiza, non se configurase na práctica como agrupación corporativa da comunidade xudicial —aínda que non estritamente representativa do censo dos xuíces— nin da de fiscais —pois o groso dos integrantes de ambos os dous estamentos acceden ás respectivas carreiras mediante convocatoria conxunta (art. 301-4 da Lei Orgánica do Poder Xudicial) que os “irmanda”—, a Constitución dispuxo expresamente que as Vocalías non xudiciais se cubrisen con profesionais xurídicos “de recoñecida competencia e con máis de quince anos de exercicio na súa profesión”, provenientes doutros dous grupos específicos: o constituído por “avogados”, expresamente *nominatim*, e o designado *in genere* coa perífrase “outros xuristas”. Parece claro, entón, que o grupo identificado con referencia propia, o de “avogados”, que segue en orde de mención ao dos xudiciais, debe alcanzar, polo menos, a metade daquelas outras Vocalías, é dicir, catro, e en todo caso máis de unha, porque a Constitución emprega o plural, na perspectiva da importancia que no Estado de Dereito reviste tal profesión liberal, voceiro dos intereses da sociedade civil, como peza externa e autónoma da Administración de Xustiza, segundo se desprende directamente dos artigos 17 e 24 da propia Constitución<sup>15</sup>.

Non obstante, a acusada predominancia xudicial no Consello non pode deixar de transmitir unha impresión gremialista do mesmo d así se estima pola curia e mesmo no sentir xeral, pese á recondución instrumental que levou a efecto a Lei Orgánica de 1985, favorecendo, en prexuízo do espírito liberal que informa a Constitución, o control político do Consello polas cúpulas partidarias; reforma esta controvertida, pero que validaría o Tribunal Constitucional, aínda exhortando a manter unha vaga “representatividade” do corpo xudicial, e que afinaría a reforma operada en 2001. Equívoco gremial socializado que, indubidablemente, se intensificaría se os Vogais desta orixe fosen elixidos directamente polos seus compañeiros da carreira sen ningunha intervención parlamentaria, como algunhas voces, nostáxicas da situación antecedente a aquela reforma, volven reclamar, con lixeireza intelectual que apenas consegue ocultar interesadas razóns de bandería endogámica e autonomía xudicialista, ou de oportunismo partidista. E iso, sen prexuízo de que na propia composición deste grupo de Vogais se revelen tamén, mediatizadas pola acción encadrante “case” partidaria das Asociacións de xuíces, as liñas de fractura ideolóxica, ética e política da propia carreira.

14 As tres inscíbense nun arco temporal común de recuperación democrática logo de períodos máis ou menos longos de ditadura. Ao respecto, desde a óptica do estruturalismo marxista entón en voga pola influencia de Althusser, véxase a análise que Nicos Poulantzas fai da significación política do período na súa obra *Las Crisis de las Dictaduras: Portugal, Grecia, España*. Siglo XXI Editores, S.A. 1976.

15 Sobre a relevancia de la Abogacía, remito a mi estudio *Abogacía y Ciudadanía. Biografía de la Abogacía Ibérica*. Dykinson, S.L. Madrid, 2007.



A este respecto, a lexitimidade destas Asociacións xudiciais resulta constitucionalmente moi cuestionable, porque, a diferenza dos Colexios de Avogados —inserir, estes si, no recoñecemento do art. 36 da Lei Fundamental—, non son Administración corporativa de Dereito Público, senón agrupacións voluntarias, non administrativas, nadas do *ius societatis* particular dos seus asociados, que eles sós deben soste as súas expensas e que ningún privilexio teñen que ter no proceso de composición do Consello Xeral do Poder Xudicial, nin na promoción dos seus asociados, como acontece actualmente.

Descontinuidade ideolóxica que, polo demais, se advirte tamén respecto do grupo dos vogais extraxudiciais; unha segmentación sectaria, en fin, que, desde entón, o modo de inserción en tal Consello acentúa, porque, na súa designación, sen prexuízo dalgunhas notables excepcións, se sobreprima o perfil persoal do seu obediente acomodo á correspondente disciplina partidaria, en vez de preferirse a súa cualificación, experiencia e prestixio profesional, que puidese reforzar a súa independencia institucional de criterio fronte calquera presión e interferencia.

Non resulta estraño, por iso, como dicía, que o funcionamento deste Colexio de goberno do Poder Xudicial viñese sendo decisivamente afectado polo afondamento, cada vez máis acusada e groseira, da adscrición prosélita dos seus membros, operando en conxunto como trasunto dos grupos parlamentarios que determinan a súa designación, aínda que, naturalmente, iso non impida ocasionais episodios de rebeldía e afirmación transversal dos xudiciais fronte procaces e ata humillantes interferencias externas. Adscrición secuaz que afecta decisivamente a base do principio cardinal da división de poderes<sup>16</sup>, que se atopa no fundamento do Estado liberal de Dereito e deu lugar a graves disfuncións, a bochornosos episodios e a escandalosos bloqueos na marcha normal que deba seguir tan importante Órgano<sup>17</sup>, con grave detrimento do seu carácter institucional e do seu recoñecemento público, e cuxa lexitimidade de orixe e de exercicio, porén, resulta inexcusable preservar en calquera conxuntura; pois os seus cometidos, tinguidos fundamentalmente de sentido técnico-xurídico máis que de oportunismo político, especialmente os nomeamentos e o control disciplinario dos xuíces, deben exercerse coa maior ecuanimidade e consenso institucional, resgardados das inevitables confrontacións partidistas, que teñen o seu propio espazo e non deben contaminar a xestión da delicada armazón xudicial, que tan nuclear resulta para a boa orde da convivencia cidadá.

## IV

Desde logo, na miña opinión, non atinou nesta materia —como noutros apartados— o constituínte; aínda que, por suposto, non é bo oficio de historiador enxuizar épocas pretéritas proxectando cara atrás os supostos do presente con preterición dos propios daquelas, e, sen dúbida, poderían argumentarse poderosas razóns condicionantes do texto definitivamente aprobado polos españois, ao recuperar a súa condición de cidadáns libres titulares da soberanía nacional. Pero, en calquera caso, coa perspectiva da experiencia do traxecto percorrido, resultaría proveitoso acometer unha fonda revisión da Lei Fundamen-

16 Bien que el Poder Judicial se exprese sustancialmente en la función técnica de subsumir el hecho conflictivo en la norma jurídica y no en la cualidad política directa.

17 Particularmente en su renovación periódica, pues la Constitución establece taxativamente un período de cinco años —art. 122-3º—, por lo que resulta cuestionable la constitucionalidad de un situación de interinidad o de “prolongación de funciones” de sus miembros una vez agotado el plazo de su nombramiento. Del mismo modo que, por otra parte, ocurre en otro importante Órgano de relevancia constitucional como es el Tribunal Constitucional, que, aunque no tiene propiamente naturaleza judicial, actúa, no obstante, *sub hac specie*.

tal e da Lexislación de desenvolvemento, que contribúe a afianzar a coherencia e solidez do *framework* da cohesión nacional e a contemplar con nova mirada materias como as relativas ás Autonomías territoriais e ao Tribunal Constitucional, entre outras. E, en canto ao noso tema se refire, nunha hipotética reforma constitucional, habería de modularse a propia concepción e composición do Consello e o modo de designación dos seus membros, debendo propiciarse o reforzo da súa lexitimidade e autoridade institucional e a súa específica responsabilidade, así como a súa autonomía institucional e a súa proxección e competencias sobre a completa armazón da Administración de Xustiza; de modo que, en calquera caso, non deberan ser os Xuíces en canto tales os que coloreasen decisoriamente o devandito Órgano, senón xuristas independentes de acrisolado prestixio profesional capaces de impoñer disciplina ao conxunto da devandita Administración.

Non obstante, se tal reconsideración constitucional formula dificultades políticas doadamente perceptibles —aínda que, debe dicirse, podería levarse a cabo polo procedemento atenuado do art. 167 CE—, unha reforma xuízosa, ben que fose limitada, da Lei Orgánica do Poder Xudicial obviaría en apreciable medida tales obstáculos, se houbese sa vontade política de acometela con sentido nacional e patriótico espírito constitucional, e podería, sen dúbida, corrixir e minorar as máis ostensibles desviacións que a evolución do funcionamento do Consello evidenciou.

### III

As liñas de tal conveniente reforma orgánica, que aquí se cinguen ao relativo á composición do Consello, haberían de tender a conseguir tres obxectivos:

1. Reforzar a autonomía institucional dos Conselleiros, mitigando a súa dependencia sectoria respecto dos Grupos Parlamentarios, de modo que se evitase que as diferenzas destes interferan o funcionamento regular do Órgano e obstaculicen o consenso transversal dos seus membros na adopción das decisións colexiadas, ou, como sucedeu, impidan a renovación do propio Consello no seu tempo oportuno.
2. Favorecer que accedan como Vogais ao mesmo profesionais experimentados e recoñecidos dos diversos estamentos forenses.
3. Integrar harmonicamente no seo do Consello as correntes xerais que expresan a sensibilidade profesional dos colectivos xurídicos forenses, sen prexuízo de que o criterio político dos representantes da soberanía nacional poida ter tamén o seu reflexo na composición do Colexio de Goberno do Poder Xudicial.

### IV

Neste sentido, dentro dos actuais parámetros constitucionais, cabería propoñer para a estruturación do Consello as seguintes bases mestras:

- 1ª *Composición*: O Consello Xeral do Poder Xudicial estaría integrado polos seguintes membros:
  - a) *Presidente*
  - b) *12 Maxistrados e Xuíces*
  - c) *4 Avogados*





d) 4 Outros xuristas

1) 1 Secretario xudicial

2) 1 Procurador

3) 2 Xuristas de extracción profesional diferente das anteriores

2ª *Designación do Presidente:* Os Vogais, na súa primeira reunión plenaria, presidida polo de maior idade e actuando de Secretario da mesma o de menor idade, elixirían unha terna de xuristas do máis alto nivel académico e profesional e de acreditado prestixio, que se elevaría ao Xefe do Estado para que nomease, extraéndoo dela, ao Presidente do Consello.

3ª *Designación dos Vogais:* Os vogais do grupo b) serían designados por metade polo Congreso e polo Senado, en listas pechadas integradas por dous funcionarios xudiciais de cada unha das categorías da carreira profesional, entre os candidatos propostos polo censo de membros de cada categoría en votación separada de cada unha realizada ao efecto; nas devanditas votacións elixiríase o triple número de candidatos que correspondesen a cada categoría. Dado que non é a representatividade corporativa no Consello o criterio de designación, a disparidade numérica dos censos de cada categoría primaria relativamente a presenza dos Maxistrados do Supremo, coas positivas consecuencias dun aporte incrementado de madurez e experiencia. Os vogais do grupo c) e d-2) serían propostos, tamén en número triple das referentes Vocalías, polos respectivos Plenos dos Consellos Xerais dos Ilustres Colexios de Avogados e de Procuradores, convocados especialmente con esta finalidade, entre os profesionais que optasen. Os restantes Vogais do grupo d) serían de libre designación. Todos os pertencentes aos grupos c) e d) serían xuristas de acreditada competencia con máis de quince anos de antigüidade no exercicio profesional efectivo. O Congreso designaría os catro membros do apartado c), e o Senado os outros catro do grupo d).

Se por calquera razón non se aprobase oportunamente a designación polo Congreso ou polo Senado no modo previsto, quedarían electos ope legis os candidatos que obtivesen maior número de votos na proposta correspondente, e os restantes do grupo d) ou dos grupos cuxa proposta non se tivese formalizado en tempo conveniente, decidiríanse por sorteo realizado pola Sala de Goberno do Tribunal Supremo, de entre os restantes candidatos non designados que figurasen nas propostas oficializadas.

Para iso, seis meses, como mínimo, antes de expirar o mandato dos Vogais, daríase conta polo Presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial ao Ministro de Xustiza, a fin de que este cursase aos Presidentes do Congreso, do Senado e aos Presidentes dos Consellos Xerais da Avogacía e dos Procuradores, que iniciasen os procedementos para elevación de propostas, e o propio Presidente do Consello, na súa condición de Presidente do Tribunal Supremo, adoptaría no tocante ao grupo b) as providións axeitadas. Os procesos de adopción de propostas de candidatos para cada grupo deberán estar completados tres meses antes do vencemento do mandato dos Vogais e remitiranse as pertinentes certificacións con expresión dos votos obtidos por cada un dos propostos á Presidencia do Consello Xeral do Poder Xudicial e ao Ministro de Xustiza para a tramitación subseguinte da designación dos novos Vogais.



- 4ª *Duración do mandato dos Vogais*: Tal e como establece a Constitución, o mandato dos Vogais durará cinco anos, e cumprido o termo cesarían automaticamente no seu cargo, sendo substituídos polos novos. No caso de que, chegada a data do vencemento do mandato dos antigos, non tivese completado o procedemento de designación dos novos, os que deberan considerarse electos de cada grupo conforme á base anterior quedarían investidos sen máis trámite e consideraríanse convocados para tomar posesión o día seguinte ás 12 horas. O Presidente do Consello, en sesión Plenaria especial última do Consello saínte, daríalles posesión, entrando en funcións os novos Vogais ao tempo que cesaban os antigos.
- 5ª *Substitución de Vogais*: Os Vogais que, por calquera causa, perdesen esta condición durante o tempo do seu mandato, serán automaticamente substituídos polo tempo restante por aqueles que figurasen na proposta do seu grupo, conforme ao maior número de votos. Os do grupo d-1 e 3) deberían designarse polo Senado no prazo dun mes desde a vacante, ou no modo alternativo previsto, se transcorrido o devandito prazo non se tivese efectuada a designación. Tomarán posesión en Pleno extraordinario do Consello convocado ao efecto.
- 6ª *Funcionamento do Consello*: O Consello funcionará en Pleno e en Comisións, conforme ao Regulamento que aprrobe. O Pleno quedará validamente constituído cando, despois de ser regularmente convocado, estean presentes a maioría máis un dos Vogais que o integren e o Presidente ou Conselleiro que deba substituílo nos casos en que proceda. Os acordos adoptaranse por maioría absoluta dos membros presentes. En caso de que non alcanzase acordo, repetiríase a votación no seguinte Pleno en que se convocase, abondando a maioría simple dos presentes.

## V

As bases anteriores non esgotan, claro está, as posibilidades constitucionais dunha reforma máis extensa e de maior calado da Lei Orgánica reguladora. En particular, o delicado tema dos nomeamentos xudiciais, que deberían facerse de acordo con criterios obxectivos, segundo baremo oficial de idoneidades e méritos obxectivos homologados debidamente acreditados, ben merece o esforzo dunha atención prioritaria dos responsables que substraia as designacións á consideración das afinidades persoais ou políticas dos candidatos. Pero, aínda con esta limitación de obxecto, a modificación que se suxire apartaría en grande medida ao Consello das tensións políticas máis graves, preservándoo do desgaste que lle impide atender con eficacia aos requirimentos dunha inaprazable posta ao día da Administración de Xustiza.